

Pontevedra, 19 de febreiro de 2021

Estimada/o señora/señor:

Dirixímonos a vostede para informala/o de que a partir do vindeiro luns 22 de febreiro e ata o domingo 14 de marzo o alumnado deste centro vai participar na experiencia **21 Días co galego e +** que organiza a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

Esta actividade, que xa se viña desenvolvendo coa denominación **21 Días co galego** desde 2013 no IES da Pobra do Caramiñal, recibiu en 2015 un Premio de Innovación en Dinamización Lingüística, en 2018 o primeiro acto de recoñecemento a unha actividade educativa da Real Academia Galega, en 2019 o Premio Rosalía da Deputación da Coruña e o Premio da Cultura Galega 2019 na persoa da súa creadora Pilar Ponte.

21 Días co galego e + é un programa educativo que ten dous obxectivos ambiciosos no plano lingüístico:

- Dunha banda, procura o aumento de uso do galego como lingua de comunicación habitual tanto no tempo como nos ámbitos nos que se utiliza.
- Doutra banda, é unha experiencia de reflexión individual sobre a relación singular que cada participante ten coas linguas que coñece.

A actividade forma parte da programación da materia de Lingua Galega e recibirá unha nota dentro da avaliación trimestral. Para desenvolvela o alumnado deberá realizar gravacións falando e que non serán públicas xa que só as verá o profesorado da materia para a súa avaliación.

Durante estas tres semanas desenvolveranse actividades colectivas onde se realizarán fotografías e vídeos de difusión pública suxeitas ás normas xerais de protección de datos para todas as actividades académicas do curso escolar.

Ademais de informala/o da realización do programa, poñémonos en contacto con vostede para convidala/o a que, se o considera conveniente, acompañe a súa filla ou fillo nesta aventura de lle abrir as portas ao galego nas súas vidas fóra das aulas de lingua.

Indicámoslle o enderezo do blog de referencia onde poden ir seguindo o programa a partir do luns 22 de febreiro de 2021:

<https://blogs.xunta.gal/21diascogalegoemais>

Tamén nos poderán atopar nas redes sociais. Se desexan participar con nós neste reto dende as súas redes sociais, etiqueten as súas publicacións co cancelo **#21diascogalegoemais**.

Desde o IES Sánchez Cantón animámola/o a que comparta coa súa filla ou fillo esta experiencia lingüística de aprecio e orgullo pola nosa lingua.

Saúdos cordiais.

Concepción Díaz Candán

Persoa coordinadora do programa 21 Días co galego e + no IES Sánchez Cantón